

Proceso Selectivo

Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP)

26 de febreiro do 2021

PLAN DE CONTINXENCIA

MANUAL DE BIOSEGURIDADE

0. Presentación e Conceptos Básicos.

A Feira Internacional de Galicia ABANCA converterase o día 26 de febreiro nun espazo para a realización de proceso selectivo organizado pola **Academia Galega de Seguridade Pública** (Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) Pública), nunha quenda de mañá.

Na Feira Internacional de Galicia ABANCA, aparte de outros eventos feirais e non feirais, realízanse cada ano, de media, uns 10 procesos selectivos, dos cales uns 3 adoitan superar os 8.000, podendo chegar ata os 14.000 participantes, o que supón ter unha **gran experiencia** na organización de eventos e na xestión de grandes cantidades de vehículos e persoas nas súas instalacións, sendo especialistas na organización, especificamente, de procesos selectivos.

Os principais datos a ter en conta son:

O EQUIPO HUMANO.

O equipo humano que se vai encargar de que tanto os aspectos vinculados coa COVID coma os aspectos vinculados ó propio éxito do proceso selectivo é de :

- 45 colaboradores (funcionarios organizados pola propia Academia Galega de Seguridade Pública que controlan que os opositores cumpran as regras da convocatoria).
- 5 persoas de limpeza.
- 32 traballadores vinculados á Fundación Semana Verde de Galicia, encargadas da organización e contratación do proceso.
- 2 de persoal médico.


En total, **84** persoas destinadas a lograr o éxito das probas, tanto desde a súa vertente de proceso selectivo como desde o punto de vista de ser un evento modélico no cumprimento das medidas anti-COVID.

CARACTERÍSTICAS DO LUGAR DE CELEBRACIÓN.


O recinto feiral “FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA ABANCA” conta cunha superficie total de 400.000 m², dos cales 35.000 son cubertos, dedicándose para estas probas 20.800 metros cadrados dos mesmos.

As edificacións onde se desenvolve o proceso son fundamentalmente dous:

- Pavillón 1: 10.200 m²
- Pavillón 2: 10.200 m²



Pavillón 1 e 2



Portas exteriores de acceso:

Cada un destes dous pavillóns consta de 6 portóns de 7 metros de ancho e de alto 5 metros (os dous do fondo de cada pavillón) e 4,30 metros (os 4 dos laterais) en cada pavillón. Cada portón ten a súa vez 6 portas, que a efectos do proceso selectivo.

AFORO máximo permitido en cada Pavillón:

- Cada pavillón tiña un aforo máximo de 11.200 persoas (**22.400** en total) ANTES do COVID19, que era o que se tiña en conta en calquera feira ou concerto.

Tras o COVID, calculouse a cantidade de persoas que poderían estar no pavillón sentadas a unha distancia mínima de 1,5 metros, resultando un aforo máximo de **6.202 persoas**, que supón un **27%** da cantidade anterior (supón unha redución do 70%).

Na medida en que o momento de maior concentración de persoas ese domingo 24 de xaneiro será de 500 persoas en cada pavillón, pódese asegurar que o aforo máximo ocupado será do **4,4 %** do aforo máximo anterior ó COVID, e do **8 %** do aforo máximo posterior ó COVID (no que xa se prevé unha separación de 5 x 3 metros).

ALTURAS e VENTILACIÓN dos Pavillóns:

As **ALTURAS** dos pavillóns rondan entre os 14 e os 20 metros, polo que, no momento de maior ocupación, cada opositor contará cuns 30 metros cadrados e un 1.100 metros cúbicos de aire. En caso de que se cumpran as estatísticas sobre asistencia, a cantidade de metros cadrados sería de 60 por opositor, e a cantidade de metros cúbicos por opositor sería de 2.200).

Pero ademais, os pavillóns contan con **ENTRADAS PERMANENTES** de **AIRE**, de aproximadamente un metro por cen metros en cada lateral de cada pavillón (por tanto, uns **200 metros cadrados** de entrada permanente de aire de forma natural en cada pavillón).

Cando hai doas quendas de exames no mesmo día, ábreanse **6 PORTÓNS** en cada pavillón, que teñen, como se dixo, 7 metros de ancho e 5 metros de altura (os dous dos fondos de cada pavillón) e 4,30 metros (os catro dos laterais en cada pavillón), polo que se engade **outros 180 metros cadrados de entrada de aire**.

A suma destas entradas de aire fai que a **renovación total** de aire se consiga nun espazo mínimo de tempo, que dependendo do vento, pode estar aproximadamente entre os 10 minutos e a media hora.

ZONA DE ESPERA.

Fóra de pavillóns, teremos unha ZONA de ESPERA duns 25.000 metros cadrados, con puntos de cor pintados na chan, que **reproduce fóra de pavillóns a colocación dos opositores dentro de pavillóns**, de tal forma que sempre entre eles, tanto fóra como dentro de pavillóns, haberá un mínimo de **1,5 metros**.

Unha vez que os opositores chegan ó recinto (xeralmente, en coche), son inmediatamente conducidos por persoal da Fundación a un deses **puntos de cor** da ZONA de SEGURIDADE (situados fronte á porta que lle corresponda ó opositor; véxase o plano no apartado 2 “Procesos craves”), e os opositores irán avanzando polos puntos de cor ata chegar os COLABORADORES da Academia Galega nas portas de exame dos pavillóns, que comprobaban os seus datos. Seguidamente serán guiados aos seus postos polo persoal colaborador (respectando a distancia de 1,5 metros). Estes postos están situados en módulos delimitados con vallas e cinta de sinalización


SAÍDA DOS OPOSITORES.

Terminado o exame, os opositores sairán de un en un cada 5 segundos por cada unha das 13 portas que suman os dous pavillóns, sen posibilidade de deixar de andar ata chegar o seu vehículo e deixar o recinto feiral, o que será controlado por persoal da Fundación.

Sendo 1000 participantes no exame, en 4,5 minutos terían evacuado os dous pavillóns

BAÑOS

Fóra de pavillóns, os baños que hai polo recinto (ver plano) terán unha zona propia de espera, con puntos de cor pintados no chan, para que todo aquel que queira acceder a eles poida agardar a súa quenda de forma ordenada e sempre respectando o 1,5 metros de seguridade.



Hai fora dos pavillóns 101 retretes, 91 lavabos e 41 urinarios.

Dentro dos pavillóns, os opositores poderán acudir a eles acompañados de COLABORADORES da Academia Galega de Seguridade Pública. que velarán que se respecten os aforos e a separación de 1,5 metros.

No Pavillón 1 hai 57 retretes, 47 lavabos e 28 urinarios e 33 retretes, 29 lavabos y 12 urinarios no Pavillón 2. Sempre foron máis que suficientes para todos os eventos realizados ata hoxe, cando o número de opositores era moito máis elevado.

ACOMPÑANTES.

Só se permitirá acceder ó recinto a acompañantes que conduzan o coche que transporta ós opositores.

Os acompañantes non só non poderán deambular polo recinto, senón que non poderán saír do coche, e para calquera cuestión terán que abandonar o recinto no seu propio vehículo, cando os gardas de seguridade llo permitan, de acordo coa necesidade de priorizar a entrada de vehículos e cando o estado da circulación o permita.

Só en casos de urxencia ou necesidade grave e xustificada poderán os acompañantes realmente acompañar ós opositores ó exame (como por exemplo, en caso de incapacidade física de locomoción).

CONSIDERACIÓN DO RECINTO COMO ZONA DE EXAME.

Programado deste xeito, en ningún momento os opositores estarán a menos de 1,5 metros de ningunha outra persoa.

O cumprimento destas normas esixe que os 400.000 metros cadrados do recinto se considere **ZONA de EXAME**, no sentido de que todos os que accedan ó recinto deberán notar dende un primeiro momento a existencia de normas (carteis con indicacións, presenza de persoal de organización...), recibir inmediatamente orientación e instrucións por parte do persoal de organización e tamén terán a obriga de obedecelas para garantir o cumprimento estrito das normas deste Plan de Continxencia.

1.Introdución

ESTRUTURA BÁSICA DE SEGURIDADE DO PROCESO:

A estrutura básico de seguridade do proceso selectivo baséase no seguinte esquema:

- Os opositores chegan a un recinto feiral de 400.000 metros cadrados que ten parking suficiente para acollelos.

Nota: De feito, en oposicións de máis de 10.000 persoas o recinto foi quen de acoller todos os vehículos dos opositores e da organización.

- Dende que saen dos seus vehículos, os opositores son dirixidos por gardas de seguridade a uns puntos de cor debuxados no chan, fronte ós pavillóns, na zona chamada **ZONA de ESPERA**.

- Os opositores poden avanzar polos puntos debuxados no chan segundo queden libres, ata chegar ós funcionarios que lles toman os datos e os conducen ós seus postos de exame, dentro dos pavillóns.

- Ó acabar ó exame, os opositores saen de un e un polas 13 portas, cada 5 segundos, sendo dirixidos por gardas de seguridade ata os seus coches ou fóra do recinto, quedando prohibido acercarse entre eles a menos de 1,5 metros, pararse a comentar o exame, ou calquera outra circunstancia distinta a ir aos baños exteriores xusto antes de collelo coche e saír do recinto.

OBLIGATORIEDADE DE COÑECEMENTO DO PLAN:

Tanto os aspirantes como o persoal involucrado no proceso selectivo (persoal de axuda, colaboradores, organización, etc) deberán coñecer as medidas preventivas antes do exame así como as de comportamento e seguridade, polo que se remitirán previo ao exame. Tamén poderán consultalas na <https://www.agasp.xunta.es>

Nestas **instrucións** incluírase:

- No poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas a las que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por haber ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- Evitaranse aglomeracións tanto fora como dentro do local, realizando o acceso de forma ordenada gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio.
- Na espera, acceso e permanencia no interior do recinto, en todo momento, atenderanse instrucións do persoal, e se deberá:
 - Usar máscara de forma obrigatoria
 - Prestar atención e cumprir a información da cartelería e dos responsables da seguridade.
 - Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de turno, etc.
 - Aplicación de solución hidroalcohólica nas mans ao entrar e ao saír das dependencias e dos aseos.
- Indicar que haberá un espazo específico dotado con médico e técnico de emerxencias sanitarias ao que acudir no caso de ter síntomas.


CRONOGRAMA DO EVENTO:

CRONOGRAMA	
Vernes 26 de febreiro maña	
Chamamento	10:30 horas

Número de **aspirantes**:

Corpo/escala	Admitidos	Adaptación	% Participación últimos anos
Policia Local	1000		

DISTANCIAMIENTO ENTRE OPOSITORES DENTRO DE PAVILLÓNS:



UBICACIÓN DO TRIBUNAL DENTRO DE PAVILLÓNS:

As zonas dos tribunais estarán situadas: unha, no lateral dereito da porta 13, e outro no lateral esquerdo da porta 11, nunha tarima elevada 15 cm. do chan. Cunha distancia de 4 metros da primeira fila de aspirantes. Manterase a distancia de seguridade entre membros do tribunal de 1,5 m.

OUTRAS UBICACIÓNS DE INTERESE:

Para o desenvolvemento dos procesos habilitase unhas “**Oficinas de INCIDENCIAS**” nos Locais Comerciais nº 6 (zona exterior) de 30 m², que será atendida por 2 persoas de Función Pública, tendo a oficina un aforo máximo de 4 pax.

No Local Comercial nº 7 situarase “**Servizos MÉDICOS**”, local de 30 m² e cunha capacidade máxima de 4 persoas.

O Local Comercial nº 8 habilitarase para os **posibles casos de COVID-19**, contará con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

A “**SALA de LACTACIÓN**” situarase no Local Comercial nº 9, de 30 m2 e cunha capacidade máxima de 9 persoas.


No interior habilitase un local chamado **CUARTO DE SEGURIDADE**, onde se almacena o material necesario para os colaboradores.

Así mesmo, e como xa se indicou, existen **ASEOS** na zona exterior do recinto que cumprirán as normas tanto en aforo como en hixiene.

Ademais, farase especial fincapé no cumprimento estrito das normas que se recollen neste documento. Realizaranse avisos por **megafonía** antes de iniciar os chamamentos e con frecuencia definida.

Plano día 26 pola mañana






2. Procesos craves

2.1 Cronograma de actuación

Día 26:

A 09:00 horas haberá un colaborador na entrada do Pavillón 1 diante da porta 13 cunha listaxe facilitada pola AGASP para facer o control de acceso de colaboradores, organización e tribunalaos pavillóns.

09:00 horas abriranse os distintos accesos aos aparcadoiros do Recinto Feiral para os aspirantes. Devanditos aspirantes dirixiranse ás portas correspondentes, gardando sempre a distancia mínima de seguridade de 1.50 metros, que estará marcada no chan. (Ver plano explicativo) Os vixiantes de seguridade controlarán o cumprimento destas medidas.




Colocarase na páxina web (<https://www.agasp.xunta.gal>) un cartel panel informativo co número de porta o que deben dirixirse os aspirantes, en todo caso, os aspirantes que non coñezan a porta de acceso poden consultalo no panel informativo situado no Paseo Central. Ver plano páxina 3.

10:30 horas: Chegará a ambulancia cun médico e un técnico.

10:30 horas: Ábreñse as distintas portas dos Pavillóns para proceder ao chamamento. Os aspirantes serán chamados ordenadamente e respectando sempre a distancia de seguridade.

Plano portas



Para a súa identificación dentro dos Pavillóns en cada porta atópase 1 mesa e xel hidroalcohólico para o seu uso durante o proceso. Na cal haberá unha única persoa cun biombo de metacrilato cunha abertura na parte inferior, para proceder á comprobación do DNI.

Seguidamente serán guiados aos seus postos polo persoal colaborador. Estes postos están situados en módulos delimitados con vallas e cinta de sinalización.

Una vez finalizado o chamamento e cando todos os aspirantes estean nos seus postos, indicarse por megafonía o xeito de proceder no caso de atoparse mal e iniciar síntomas.

11:00 horas aproximadamente: Comezará o examen.

13:30 horas aproximadamente: Finalizará o examen. Para a saída os aspirantes utilizarán a mesma porta de entrada. Esta saída farase ordenada e escalonadamente para non producirse aglomeracións nas portas. Os aspirantes deben dirixirse directamente aos seus vehículos e abandonar o Recinto.

Accións durante o evento

Medidas de hixiene e distanciamento

Os participantes deberán manterse nos seus postos durante o proceso.

Nas zonas de tránsito non estará permitido quedar quieto.

Será obrigatorio o uso da máscara en todo o recinto e en todo momento. Os membros da organización velarán polo cumprimento da devandita norma.

Despoñeráse de dispensadores de xel hidroalcohólico de uso obrigatorio previa a entrada aos pavillóns donde se desenvolverán as probas.

Os pavillóns dispoñen dun sistema de ventilación que garante o cambio de aire constante. Igualmente, entre o proceso da mañá e o da tarde abríranse os 12 portóns laterais dos pavillóns durante un período de tempo non inferior a 15 minutos, para garantir o cambio de aire completo do mesmo. E farase a medición de CO₂ , o inicio, no medio e o final de cada proceso.

2.2 Avisos e advertencias

Lembrárase antes de dar comezo os procesos polos sistemas de megafonía todas as pautas contidas no presente plan de continxencia. Adicionalmente reforzaranse o coñecemento e cumprimento das devanditas pautas a través de cartelería.

Tamén indicárase o xeito de proceder no caso de atoparse mal e iniciar síntomas compatibles co COVID-19

MEDIDAS BÁSICAS ANTE A SOSPEITA DUN CASO DA COVID-19

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Se algún aspirante iniciase síntomas, retírase do resto das persoas, e adoptaranse as medidas procedentes para que abandone a sala de celebración do exame. A persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021.

No lugar de celebración do exame debe existir un espazo que será elixido previamente, e deberá contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisárase ao 061.

Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

2.3 Zona exterior do recinto.

Nas zonas exteriores será necesario o uso de máscara en todo momento e a distancia de seguridade. O vixiante de seguridade velará o seu cumprimento.

2.4 Atención ao aspirante.

Esta función desenvolverase na “Oficina de Incidencias” no Local Comercial nº 6 do Paseo Central (zona exterior) de 30 m², que será atendida por 2 persoas de Función Pública, tendo a Oficina un aforo máximo de 4 pax.

2.5 Limpeza e desinfección

Antes do proceso selectivo realizarase unha profunda limpeza e desinfección á totalidade das mesas e cadeiras ocupadas ademais da ventilación dos pavillóns como se especificou anteriormente (abriranse os 12 portóns laterais dos pavillóns durante un período de tempo non inferior a 15 minutos, para garantir o cambio de aire completo do mesmo)

Farase especial fincapé na ventilación no só dos pavillóns senón de todas as zonas comúns, locais, baños e demais instalacións interiores utilizadas durante o proceso

Así mesmo, procederase á limpeza e desinfección das zonas comúns, e demais postos (zona de chamamento, oficina de incidencias, etc.)

Á parte da devandita limpeza antes do proceso, a limpeza dos baños (tanto interiores como exteriores) realizarase de forma continuada, quedando rexistrado en cada baño a hora da súa limpeza e desinfección.

Todos os produtos utilizados para a limpeza serán os que estean aprobados polo Ministerio de Sanidade.

Levarase un rexistro exhaustivo das horas e tarefas de limpeza, así como dos produtos utilizados e as súas mesturas.

A empresa encargada da limpeza das probas emitirá o correspondente “Certificado de Limpeza e Desinfección”

O persoal de limpeza será o encargado de controlar que os dispensadores de xel hidroalcohólico situados nas entradas, os baños e as oficinas teñan suficiente líquido desinfectante.

3. Posto de Atención Médica.

Durante todo o proceso, dispoñeráse dunha ambulancia medicalizada (SVA), dotada cun médico e un técnico de emerxencias sanitarias (TES).

O persoal do posto de atención médica será o responsable das actuacións cos casos sospeitosos da enfermidade seguindo o protocolo de actuación do SERGAS.

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/410/20200716%20Protocolo%20manexo%20COVID-19%20for%20a1neon%20V21.pdf>

4. Persoal necesario.

Á parte do persoal da organización da proba, tanto da Academia Galega de Seguridade Pública como da Fundación Semana Verde de Galicia (estimado nunhas 45 persoas da AGASP e unhas 32 persoas da Fundación) contarase con:

Limpeza:

O día previo o proceso contarase con 4 persoas para a limpeza e desinfección das mesas, cadeiras, portas, baños, biombos e toda superficie susceptible de manipular pola organización e aspirantes.

No día 26 contarase con 5 operarios durante 5 horas para a limpeza e desinfección xeral das instalacións, facendo fincapé de baños, ascensores, pasamanos, portas e superficies máis susceptibles de manipular.

Una vez rematas as probas realizarase una limpeza posterior con 4 operarios de todas las instalaciones utilizadas para as probas.